

## **Convenio entre a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional e varias empresas para a implantación dun sistema de formación profesional dual polo réxime de bolsas**

Santiago de Compostela, 16 de xullo de 2019

### **REUNIDOS**

Dunha parte, dona Carmen Pomar Tojo, conselleira de Educación, Universidade e Formación Profesional da Xunta de Galicia, en representación desta consellería e de conformidade coas atribucións conferidas no artigo 34.1 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia.

Doutra, don \_\_\_\_\_, administrador único da empresa “Ben Alonso, S.L.” como representante legal desta, en virtude das atribucións concedidas por escritura pública ante o notario don \_\_\_\_\_, con data \_\_\_\_\_ e número de protocolo \_\_\_\_\_.

Doutra, don \_\_\_\_\_ administrador único da empresa “Benferreiro, S.L.”, como representante legal desta, en virtude das atribucións concedidas por escritura pública ante o notario don \_\_\_\_\_, con data \_\_\_\_\_ e número de protocolo \_\_\_\_\_.

Doutra parte, don \_\_\_\_\_ representante da empresa “Carrocerías Hermanos Rega, S.L.”, en virtude das atribucións concedidas por escritura pública ante o notario don \_\_\_\_\_, con data \_\_\_\_\_ e número de protocolo \_\_\_\_\_.

Doutra, dona \_\_\_\_\_, administrador único da empresa “Cidega-Inox, S.L.”, como representante legal desta, en virtude das atribucións concedidas por escritura pública ante a notaria dona \_\_\_\_\_, con data \_\_\_\_\_ e número de protocolo \_\_\_\_\_.

Doutra, dona \_\_\_\_\_, administradora única da empresa “Garrido Carrocerías, S.L.”, como representante legal desta, en virtude das atribucións concedidas por

escritura pública ante o notario don \_\_\_\_\_, con data \_\_\_\_\_ e número de protocolo \_\_\_\_.

Doutra, don \_\_\_\_\_, administrador solidario da empresa “Montajes Metálicos Ingalux, S.L.” como representante legal desta, en virtude das atribucións concedidas por escritura pública ante o notario don \_\_\_\_\_, con data \_\_\_\_\_ e número de protocolo \_\_\_\_.

E doutra, don \_\_\_\_\_, administrador solidario da empresa “Talleres Doval, S.L.”, como representante legal desta, en virtude das atribucións concedidas por escritura pública ante o notario don \_\_\_\_\_, con data \_\_\_\_\_ e número de protocolo \_\_\_\_.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e, no exercicio das facultades que para convir en nome das entidades que representan teñen conferidas,

### **EXPOÑEN**

1º. Que a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, determina no artigo 39 que a formación profesional no sistema educativo ten por finalidade preparar o alumnado para a actividade nun campo profesional e facilitar a súa adaptación ás modificacións laborais que se poden producir ao longo da súa vida, contribuír ao seu desenvolvemento persoal e ao exercicio dunha cidadanía democrática, e permitir a súa progresión no sistema educativo e no sistema de formación profesional para o emprego, así como a aprendizaxe ao longo da vida.

2º. Que a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, determina no artigo 42 bis que a formación profesional dual do sistema educativo español é o conxunto de accións e iniciativas formativas que, en corresponsabilidade coas empresas, teñen por obxecto a cualificación profesional das persoas, harmonizando os procesos de ensino e aprendizaxe entre os centros educativos e os centros de traballo.

3º. Que a Lei orgánica 5/2002, do 19 de xuño, das cualificacións e da formación profesional, especifica nos artigos 6 e 11.3 que a colaboración das empresas no desenvolvemento do Sistema Nacional de Cualificacións e Formación Profesional se desenvolverá, entre outros ámbitos,

mediante a súa participación na formación do alumnado nos centros de traballo, favorecendo a realización de prácticas profesionais dos alumnos e das alumnas nas empresas e noutras entidades, e deberán establecerse os mecanismos axeitados para que a formación que reciba financiamento público poida ofrecerse por centros ou directamente polas empresas, mediante concertos, convenios, subvencións ou outros procedementos.

4°. Que a disposición adicional segunda do Decreto 114/2010, do 1 de xullo, polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo de Galicia, determina que a consellería con competencias en materia de educación promoverá a colaboración coas empresas e entidades empresariais e, en particular, coas máis implicadas en sectores clave da economía galega e as relacionadas cos sectores emerxentes. Esta colaboración ten como finalidade, entre outras, a posibilidade de impartir módulos profesionais incluídos en títulos de formación profesional nas instalacións das empresas, co fin de garantir que a formación se realice cos equipamentos máis actuais, así como a actualización profesional. Esta colaboración formalizarase mediante convenio.

5°. Que o Real decreto 1529/2012, do 8 de novembro, polo que se desenvolve o contrato para a formación e a aprendizaxe e se establecen as bases da formación profesional dual, pretende crear as bases para a implantación progresiva da formación profesional dual en España, entendida como o conxunto de accións e iniciativas formativas que teñen por obxecto a cualificación profesional das persoas, combinando os procesos de ensino e aprendizaxe na empresa e no centro de formación, propiciando unha participación máis activa da empresa no propio proceso formativo do alumnado e, daquela, permitir que estas coñezan de xeito máis próximo a formación que reciben, cada vez máis adaptada ás demandas dos sectores produtivos e ás necesidades específicas das empresas. Neste sentido, a empresa e o centro de formación profesional estreitan os seus vínculos, unen esforzos e favorecen unha maior inserción do alumnado no mundo laboral durante o período de formación.

Así mesmo, establece que terán a consideración de formación profesional dual os proxectos desenvolvidos no ámbito do sistema educativo, coa coparticipación dos centros educativos e das empresas, cando non medie un contrato para a formación e a aprendizaxe. Estes proxectos formalizaranse a través dun convenio entre a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional e a empresa colaboradora.

6°. Que as empresas Ben Alonso, S.L.U., Benferreiro, S.L., Carrocerías Hermanos Rega, S.L., Cidega-Inox, S.L., Garrido Carrocerías, S.L., Montajes Metálicos Ingalux, S.L., Jesus García Rodríguez e Talleres Doval, S.L., en diante “as empresas asinantes”, están dispostas a participar no

proxecto de implantación da formación profesional dual en Galicia, acolléndose á modalidade regulada no artigo 3.1, alínea b), do Real decreto 1529/2012, do 8 de novembro, na que as empresas facilitan aos centros de formación os espazos, as instalacións ou as persoas expertas para impartir total ou parcialmente determinados módulos profesionais ou módulos formativos.

O alumnado participante será beneficiario de bolsas, non terá en ningún caso vinculación laboral coa empresa e non poderá establecerse entre esta e aquel ningunha relación contractual, nin sequera baixo as modalidades de contrato en prácticas ou para a formación e a aprendizaxe, previsto no artigo 11 do Real decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto dos traballadores, polo que o alumnado acollido a este réxime de bolsas queda absolutamente excluído da lexislación laboral.

7º. Que o obxecto do presente convenio é establecer as condicións de colaboración entre a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional e as empresas asinantes para a implantación dun proxecto experimental de formación profesional dual na Comunidade Autónoma de Galicia. Esta formación profesional dual combinará os procesos de ensino e aprendizaxe nas instalacións das empresas asinantes e no CIFP Politécnico de Lugo.

En consecuencia, estes organismos acordan subscribir este convenio, con base nas seguintes,

## CLÁUSULAS

**Primeira.** O proxecto de formación profesional dual deste convenio, que é de carácter experimental, ten as seguintes características:

- a. Este proxecto toma como referencia o currículo de formación profesional establecido no Decreto 44/2010, do 11 de marzo, polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de técnico superior en construcións metálicas.
- b. Terá como duración desde o 15 de setembro de 2019 ata o 31 de agosto de 2021.
- c. A formación impartirase de xeito compartido entre o centro educativo e as empresas asinantes, garantindo a adquisición dos resultados de aprendizaxe establecidos no currículo do ciclo formativo correspondente e a obtención do título de Técnico Superior En Construcións Metálicas.
- d. Ademais, atendendo ás características da empresa, o primeiro ano de vixencia destes proxectos dedicarse un 10 % do tempo de estadía do alumnado na empresa á formación complementaria á establecida nos currículos dos ciclos formativos correspondentes, para

reforzar a formación do alumnado e mellorar a súa empregabilidade. No segundo ano, esta porcentaxe será do 5 %.

**Segunda.** As concrecións deste proxecto experimental de formación profesional dual para o ciclo formativo de Construcións Metálicas (distribución da formación curricular do ciclo formativo e temporalización dos módulos profesionais) están recollidas no anexo deste convenio.

**Terceira.** As empresa asinantes comprométense a acoller nas súas instalacións un mínimo de 12 alumnos e alumnas, para este proxecto experimental de formación profesional dual, coa distribución de prazas do anexo. Este alumnado deberá cumprir os requisitos de admisión establecidos na orde da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional que autorice este proxecto experimental de formación profesional dual.

As empresas asinantes colaborarán coa Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional na selección do alumnado solicitante que cumpra os requisitos de admisión. Para tal fin, poderán realizarse entrevistas psicoprofesionais que permitan identificar a idoneidade dos/das candidatos/as en relación co perfil profesional que adquirirá o alumnado na empresa ao longo do proxecto. As empresas comunicarán ao alumnado os criterios e os procedementos utilizados na selección con anterioridade á súa realización.

Estas actuacións serán realizadas por persoal das empresas xunto cunha persoa representante do centro educativo, de xeito que a selección garanta cubrir o número mínimo de prazas que as empresas se comprometen a acoller nas súas instalacións.

**Cuarta.** As empresas asinantes comprométense a financiar o proxecto de formación regulado neste convenio, mediante o establecemento dun sistema de bolsas dirixido ao alumnado participante.

Este réxime de bolsas estará suxeito ás seguintes especificidades:

- a. As empresas asinantes achegarán a cada alumno ou alumna, en períodos mensuais con carácter irrevogable, unha bolsa por importe mínimo de 550 euros, durante os meses nos que a actividade formativa e profesionalizadora se realice integramente nas empresas. Tomando como referencia este importe, o resto dos meses o importe calcularase de xeito proporcional ao tempo que o alumno ou alumna dedique á actividade profesionalizadora na empresa.
- b. Os alumnos e as alumnas participantes no proxecto de formación obxecto deste convenio serán incorporados ao réxime xeral da Seguridade Social, nos termos e nas condicións establecidos no Real decreto 1493/2011, de 24 de outubro. A conseguinte afiliación e/ou alta,

así como a baixa no devandito réxime, produciranse a partir da data de inicio e na de cesamento do programa de formación, nos termos, nos prazos e cos efectos establecidos no regulamento xeral sobre inscrición de empresas e afiliación, altas, baixas e variacións de datos de traballadores na Seguridade Social, aprobado polo Real decreto 84/1996, do 26 de xaneiro.

- c. Para a efectividade do réxime de bolsas, as empresas colaboradoras e as persoas bolsseiras deberán cumprir sempre os requisitos establecidos na normativa que regula os proxectos de formación profesional dual e neste convenio.

**Quinta.** O alumnado adquirirá formación no centro educativo segundo a temporalización recollida no anexo deste convenio e no horario lectivo que se estableza.

**Sexta.** A estadía do alumnado na empresa axustarase á temporalización recollida no anexo deste convenio. Durante o período formativo na empresa, o horario da actividade formativa e profesionalizadora deberá desenvolverse dentro do marco temporal do horario laboral da empresa, reservándose unha mañá ou unha tarde cada quincena para a recepción do alumnado no centro educativo por parte do titor ou da titora, na que se realizarán actividades de seguimento, asesoramento e apoio.

**Sétima.** O alumnado deste proxecto disporá dun mínimo de trinta días naturais de vacacións por curso. Para estes efectos computaranse, por unha parte, as vacacións escolares, establecidas para cada curso no correspondente calendario escolar, das que o alumnado se beneficie durante a súa estadía no centro educativo, e, por outra parte, os días restantes ata completar cando menos o mínimo establecido, que determinarán as empresas no período de estadía do alumnado na empresa.

**Oitava.** Consonte o artigo 30.5 do Real decreto 1592/2012, do 8 de novembro, a actividade formativa na empresa e no centro educativo coordinarase mediante reunións mensuais de control nas que se fará seguimento do alumnado.

As empresas asinantes nomearán unha persoa como titor ou titora do alumno ou da alumna, que será responsable do seguimento da actividade formativa, da coordinación da actividade profesionalizadora coa actividade formativa e da comunicación co centro de formación.

Así mesmo, o centro formativo designará un profesor ou unha profesora, ou formador ou formadora, como titor ou titora responsables da programación e do seguimento da formación, así

como da coordinación da avaliación co profesorado e/ou os titores e as titoras que interveñen. Así mesmo, esta persoa será a interlocutora coas empresas para o desenvolvemento do proxecto.

**Novena.** Establecerase unha comisión de seguimento, control e supervisión, que se reunirá cando o considere oportuno calquera das partes asinantes. Esta comisión estará constituída polos seguintes membros:

En representación da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional:

- A persoa titular da Subdirección Xeral de Formación Profesional ou persoa en quen delegue.
- A persoa titular da dirección do CIFP Politécnico de Lugo.
- O profesor titor ou a profesora titora do centro educativo.

Unha persoa representante de cada empresa asinante.

Un funcionario ou unha funcionaria da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional actuará como secretario ou secretaria.

**Décima.** O convenio entrará en vigor na data da súa sinatura e terá vixencia ata a finalización do proxecto.

**Décimo primeira.** Este convenio extinguirase pola finalización do tempo convido e poderase resolver por calquera das partes, mediante denuncia dalgunha delas, que se lle deberá comunicar ás outras cunha antelación mínima de quince días, baseada nalgunha das seguintes causas:

- a. Cesamento das actividades do centro docente ou das empresas.
- b. Forza maior que imposibilite o desenvolvemento das actividades programadas.
- c. Incumprimento das cláusulas establecidas neste convenio.
- d. Mutuo acordo entre o centro docente e as empresas.

**Décimo segunda.** A sinatura deste convenio suporá o consentimento expreso da persoa interesada á Administración para incluír e facer públicos os datos referidos ao convenio, de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, co artigo 8 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, e co Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

**Décimo terceira.** Este convenio de colaboración posúe carácter administrativo por razón do contido e das materias sobre as que versa, as cales, ao abeiro do disposto no artigo 6 do Lei 9/2017, de 8 de

novembro de contratos do sector público, o exclúen do seu ámbito de aplicación, sen prexuízo da aplicación dos principios desta para resolver as lagoas ou dúbidas que a súa aplicación suscite.

Dada a natureza administrativa deste instrumento xurídico, as controversias ou cuestións litixiosas que xurdiren na súa aplicación e non puideren ser solucionadas no seo da comisión de seguimento serán resoltas pola xurisdición contencioso-administrativa.

Con respecto da protección de datos, as empresas comprométese a respectar a Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e o Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos).

Lido este convenio, atópano conforme e asínano no lugar e na data indicados.

**A conselleira de Educación, Universidade e Formación Profesional**

**Asdo.: Carmen Pomar Tojo**

**O administrador único da empresa Ben  
Alonso, S.L.**

**Asdo.:** \_\_\_\_\_

**O administrador único da empresa  
Benferreiro, S.L.**

**Asdo.:** \_\_\_\_\_





<p><b>O representante da empresa Carrocerías Hermanos Rega, S.L.</b></p> <p><b>Asdo.:</b> _____</p>	<p><b>O administrador único da empresa Cidega- Inox, S.L.</b></p> <p><b>Asdo.:</b> _____</p>
<p><b>O administrador único da empresa Garrido Carrocerías, S.L.</b></p> <p><b>Asdo.:</b> _____</p>	<p><b>O administrador solidario da empresa Montajes Metálicos Ingalux, S.L.</b></p> <p><b>Asdo.:</b> _____</p>
<p><b>O administrador solidario da empresa Talleres Doval, S.L.</b></p> <p><b>Asdo.:</b> _____</p>	

# 1. ANEXO

## 1.1 Distribución de postos de formación por empresa

Empresa	Nº de prazas
Ben Alonso, S.L.U.	1
Benferreiro, S.L.	2
Carrocerías Hermanos Rega, S.L.	3
Cidega-Inox, S.L.	2
Garrido Carrocerías, S.L.	1
Montajes Metálicos Ingalux, S.L.	1
Talleres Doval, S.L.	2
<b>Total</b>	<b>12</b>

## 1.2 Distribución da formación curricular do ciclo formativo

Duración do proxecto		Curso 2019-2020	Curso 2020-2021	FCT + Proxecto	
Formación curricular	Centro educativo	Formación no centro educativo (67 %)	760 h	580 h	-
	Empresa	Formación na empresa (33 %)	200 h	50 h	410 h
<b>Total</b>			<b>2.000 h</b>		

FCT: formación en centros de traballo.



## 1.3 Temporalización dos módulos profesionais

### 1.3.1 Curso 2019-2020

#### Planificación

Curso 2019-2020												
set.	out.	nov.	dec.	xan.	feb.	mar.	abr.	maio	xuño	xullo	ago.	set.
Formación no centro educativo							Actividade profesionalizadora / formación na empresa					

#### Organización dos módulos profesionais

Código	Módulo	Horas totais módulo	FCE	FEM
MP0162	Programación de sistemas automáticos de fabricación mecánica	160	125	35
MP0245	Representación gráfica en fabricación mecánica	213	178	35
MP0246	Deseño de construcións metálicas	267	227	40
MP0248	Procesos de mecanizado, corte e conformación en construcións metálicas	213	133	80
MP0251	Formación e orientación laboral	107	97	10
<b>TOTAL</b>		<b>960</b>	<b>760</b>	<b>200</b>

### 1.3.2 Curso 2020-2021

#### Planificación

Curso 2020-2021												
set.	out.	nov.	dec.	xan.	feb.	mar.	abr.	maio	xuño	xullo	ago.	set.
Formación no centro educativo						Actividade profesionalizadora / formación na empresa						

#### Organización dos módulos profesionais

Código	Módulo	Horas totais módulo	FCE	FEM
MP0163	Programación da produción	140	130	10
MP0165	Xestión da calidade, prevención de riscos laborais e protección ambiental	105	95	10
MP0247	Definición de procesos de construcións metálicas	140	130	10
MP0249	Procesos de unión e montaxe en construcións metálicas	192	172	20
MP0252	Empresa e iniciativa emprendedora	53	53	0
<b>TOTAL</b>		<b>630</b>	<b>580</b>	<b>50</b>



## 1.4 Adquisición, por parte do alumnado, de cualificacións e unidades de competencia

### Cualificacións profesionais completas

<ul style="list-style-type: none"><li>▪ <b>Deseño de caldeiraría e estruturas metálicas, FME354_3 (Real decreto 1699/2007, do 14 de decembro), que abrangue as seguintes unidades de competencia:</b></li></ul>
<ul style="list-style-type: none"><li>– UC1145_3. Deseñar produtos de caldeiraría.</li></ul>
<ul style="list-style-type: none"><li>– UC0639_3: realizar e supervisar desenvolvementos de proxectos de edificación.</li></ul>
<ul style="list-style-type: none"><li>– UC1147_3. Realizar cálculos e plans de proba en caldeiraría e estruturas metálicas.</li></ul>
<ul style="list-style-type: none"><li>– UC1148_3. Elaborar a documentación técnica dos produtos de construcións metálicas.</li></ul>
<ul style="list-style-type: none"><li>▪ <b>Producción en construcións metálicas, FME357_3 (Real decreto 1699/2007, do 14 de decembro), que abrangue as seguintes unidades de competencia:</b></li></ul>
<ul style="list-style-type: none"><li>– UC1151_3. Definir procesos de trazado, mecanizado e conformación en construcións metálicas.</li></ul>
<ul style="list-style-type: none"><li>– UC1152_3. Definir procesos de unión e montaxe en construcións metálicas.</li></ul>
<ul style="list-style-type: none"><li>– UC1153_3. Programar sistemas automatizados en construcións metálicas.</li></ul>
<ul style="list-style-type: none"><li>– UC0592_3. Supervisar a produción en fabricación mecánica.</li></ul>
<ul style="list-style-type: none"><li>▪ <b>Xestión da produción en fabricación mecánica FME356_3 (Real decreto 1699/2007, do 14 de decembro), que abrangue as seguintes unidades de competencia:</b></li></ul>
<ul style="list-style-type: none"><li>– UC1267_3. Programar e controlar a produción en fabricación mecánica.</li></ul>
<ul style="list-style-type: none"><li>– UC1268_3. Aproveñonar os procesos produtivos de fabricación mecánica.</li></ul>

### Cualificacións profesionais incompletas

<ul style="list-style-type: none"><li>▪ <b>Deseño de tubaxe industrial, FME355_3 (Real decreto 1699/2007, do 14 de decembro), que abrangue as seguintes unidades de competencia:</b></li></ul>
<ul style="list-style-type: none"><li>– UC1149_3. Deseñar esquemas de tubaxe industrial.</li></ul>
<ul style="list-style-type: none"><li>– UC1148_3. Elaborar a documentación técnica dos produtos de construcións metálicas.</li></ul>